

OS RESIDUOS DOMÉSTICOS EN TEMPOS DA COVID-19 NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DO BARBANZA

Marta Domínguez*

Con motivo da situación de emerxencia de saúde pública provocada pola COVID-19, o Ministerio de Sanidade ditou instrucións sobre a xestión dos residuos domésticos, tanto para o seu manexo domiciliario en fogares con pacientes afectados, como para a súa xestión posterior. No Complexo Medioambiental do Barbanza aplicamos as directivas e obtivemos os resultados que expoñemos.



A correcta separación nos fogares é a clave para poder obter compost e acadar as mellores cifras de reciclaxe no Barbanza.

INSTRUCIÓNS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS NO ESTADO DE ALARMA

Tras a declaración do estado de alarma o 13 de marzo, e mediante Orde SND/271/2020¹ de 19 de marzo, estableceuse que nos fogares con positivos ou en corentena por COVID-19, os residuos xerados (luvas, panos da man, máscaras) deberían seren eliminados en bolsas pechadas no contedor da fracción resto. O depósito de tales bolsas nos contedores de recollida separada (orgánico, envases, papel, vidro ou téxtil) quedou terminantemente prohibido. Para a xestión desa fracción resto na planta de tratamento, non se procedería en ningún caso á apertura manual das bolsas, tendo como destino a incineración, preferiblemente, ou o vertedoiro. No caso de que se levaran a cabo tratamentos previos á súa incineración ou depósito en vertedoiro, realizaríanse de xeito automático, admitíndose a selección manual só para a separación de voluminosos, metálicos e outros residuos que non foran en bolsas, e sempre que se adoptasen todas as medidas de seguridade precisas.

OS RESULTADOS DE XESTIÓN NO CM BARBANZA

Estas instrucións en materia de xestión de residuos supuxeron modificacións no funcionamento do Complexo Medioambiental do Barbanza. O complexo, situado no concello de Lousame, ofrece servizo a nove concellos cunha poboación total duns 86.000 habitantes. O seu modelo de separación en orixe, denominado húmido-seco, conta cun contedor para o depósito da fracción orgánica (FORM) e outro para a fracción inorgánica (FIRM), sendo depositados conxuntamente neste último os envases domésticos xunto coa fracción resto. Ademais, conta con contedores para vidro e papel-cartón. En circunstancias normais de funcionamento da planta, a FIRM pasa por unha liña de selección mixta mecánico-manual (triaxe) onde os envases son recuperados para o seu posterior envío aos seus centros de reciclaxe. Pero tras a Orde Ministerial¹ que prohibiu a selección manual de residuos, a actividade na liña de triaxe manual de envases suspendeuse o 23 de marzo, e os residuos procedentes do contedor de FIRM tiveron que ser eliminados directamente a



Figura sobre o modelo de recollida húmido-seco en camión bicompartimentado.

vertedeiro. A actividade na liña de triaxe reactivouse o 1 de xuño, tras a publicación dunha nova Orde² na que xa se permitía o tratamento previo da fracción resto tanto de forma manual como automática.

Xa que logo, no período comprendido entre o 23 de marzo e o 1 de xuño non se recuperou ningún envase nas instalacións, dando como resultado un incremento do material eliminado en vertedoiro dun 17%.

TOTAL DE RESIDUOS

O período de confinamento supuxo cambios nos hábitos da poboación que tamén se viron reflectidos nos datos de residuos xerados. O total de residuos domésticos xestionados no CM Barbanza no trimestre de marzo a maio de 2020 (que comprende todo o período de confinamento desde o 14 de marzo, e ata parte da fase 2 da desescalada) víronse incrementados nun 5% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Vidro e cartón comercial: Se se analizan os residuos xestionados por fraccións, todas aumentaron excepto os residuos relacionados co paro da actividade de grandes produtores (bares, restaurantes, establecementos comerciais), coma o vidro, que descendeu un 20%, ou o papel-cartón recollido mediante porta a porta en comercios, que diminuíu un 14%.

Equipamento doméstico: Respecto ás fraccións que se viron incrementadas, a que o fixo de xeito máis significativo foi a de equipamento doméstico, cun aumento do 27%, o que fai supor que durante as semanas de confinamento se intensificaron as limpeza de rochos, casetas, faidos, vivendas en desuso, etc.

Fracción orgánica: A fracción orgánica foi a seguinte en verse incrementada, cun 15% máis respecto ao ano anterior. Todo parece indicar que máis tempo na casa supuxo máis tempo para cocinar, xerando xa que logo máis restos de comida.

Papel-cartón: En canto ao papel-cartón recollido selectivamente, e en contra do esperado, xa que o paro na actividade comercial parecía levar a unha menor produción deste tipo de envase, tamén aumentou, recolléndose un 6% máis que no mesmo período do ano anterior. O incremento das compras a través de plataformas dixitais puido ser a causa deste incremento.

Fracción de envases e resto: Xa en menor porcentaxe, no contedor da FIRM, que recibe os residuos de envases plásticos e metálicos, así como a fracción resto, na que irían incluídos os residuos de máscaras e luvas, amosou un incremento do 3%.

A PREVENCIÓN DE RESIDUOS EN TEMPOS DE COVID-19


A pandemia deu lugar ao incremento dunha tipoloxía de residuos (a nivel doméstico, principalmente luvas e máscaras dun só uso), que están

Residuos xestionados no CM Barbanza no trimestre influenciado polo estado de alarma respecto ao mesmo período do ano anterior. Datos en toneladas e porcentaxes de variación.

Toneladas	marzo - maio 2019	marzo - maio 2020	Variación
Fracción inorgánica (envases + resto)*	4746	4888	+ 3%
Fracción orgánica*	2134	2444	+ 15%
Vidro	346	276	- 20%
Papel-cartón selectiva	230	243	+ 6%
Papel- cartón comercial	66	57	- 14%
Enseres domésticos	85	108	+ 27%
TOTAL RESIDUOS	7606	8016	+ 5%

*Sen datos de variacións da % de improprios nas fraccións FIRM e FORM, xa que a empresa encargada das caracterizacións paralizou os traballos durante o confinamento.

Web do CM Barbanza



O Complexo Medioambiental do Barbanza ofrece servizo a nove concellos, cunha poboación total de aproximadamente 86.000 habitantes e abarca unha superficie de actuación de 625 km².

a ter como destino a incineración ou o vertedoiro. Fomentar a prevención na xeración de residuos volta a ser clave ante a crise sanitaria que estamos a vivir³, polo que cómpre sinalar algunhas das medidas efectivas tamén en tempos de COVID, adoptando no seu caso as medidas de seguridade e hixiene precisas:

- Uso de máscara reutilizábeis, evitando uso de máscaras dun só uso.
- Redución do uso de luvas, priorizando medidas de hixiene de mans (lavado de mans, uso de xeles e solucións alcohólicas, non levar as mans á cara...).
- Redución xeral dos produtos desbotábeis e envasados. Tal como sinala a OMS, é moi pouco probábel que a COVID-19 se transmita a través dos alimentos e dos seus envases. Xa que logo, considérase preferíbel empregar produtos reutilizábeis suxeitos a medidas de axeitada limpeza en lugar de materias dun só uso que incrementen o volume de residuos e poidan contribuír á propagación do virus³.
- Consumo de produtos a granel e de proximidade.
- Emprego de bolsas reutilizábeis, que poderán lavarse na casa, fronte ao uso de bolsas dun só uso.
- Redución do desperdicio alimentario en fogares e hostalería. Posta en marcha por parte dos axentes implicados de medidas para minimizar a cantidade de alimentos caducados e para canalizar os excedentes alimentarios a través de comedores, bancos de alimentos, etc.
- Fomento da compostaxe caseira e comunitaria, tratando os biorresiduos no mesmo lugar onde se producen. Exemplos como o do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra amosaron como durante as semanas de confinamento os centros de compostaxe existentes estiveron activos e chegaron a duplicaren as achegas de biorresiduos⁴.

NOTAS

¹ Orde SND/271/2020, de 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

² Orde SND/440/2020, de 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 na aplicación do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

³ Orientacións sobre a prevención e xestión de residuos na desescalada. Ministerio para a Transición Ecolóxica e el Reto Demográfico. <https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/medidas-covid19/residuos/>

⁴ <https://pontevedraviva.com/xeral/63096/estado-alarma-duplica-tratamiento-biorresiduos-composteiros-comunitarios-pontevedra-omorrazo/?lang=es>

*Marta Domínguez, técnica no Complexo Medioambiental de Tratamento do Barbanza-FCC.